

Queremos coñecernos...



Científicas Galegas

NA PORTADA, DE ESQUERDA A DEREITA E DE ARRIBA A ABAIXO:

María Xosé Agra	
Amparo Alonso Betanzos	Ciencias da computación e intelixencia artificial
Ángela Alonso Millán	Estratigrafía
Raquel Casal García	Arqueoloxía
Eva Cernadas García	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
Coral Del Río Otero	Economía Aplicada
Teresa Fanego Lema	Filoloxía Inglesa e Lingüística
Milagros Fernández Pérez	Lingüística Xeral
Carmen García Mateo	Tecnoloxía da fala e biometría
M ^a do Carme García Negro	Economía Aplicada
Isabel González Fernández	Filoloxía Italiana
María Carmen Guisán Seijas	Economía Aplicada
M ^a Pilar Jiménez Aleixandre	Didáctica das Ciencias Experimentais
Montserrat López Díaz	Lingüística, Análise do discurso
López Poza, Sagrario	Literatura Española e Bibliotecas Dixitais
María Jesús Lorenzo Modia	Filoloxía Inglesa
María L. Loureiro	Economía agraria e dos recursos naturais
Ángeles Luengo Martín	Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
M ^a Jesús Manso Revilla	Bioloxía celular e molecular
Aurora Marco López	Didáctica da Lingua e a Literatura e CC.Sociais
Purificación Mayobre Rodríguez	Estudos de xénero
Isabel Moskowich-Spiegel Fandiño	Filoloxía Inglesa
M ^a José Moure Rodríguez	Tecnoloxía Electrónica
M ^a José Núñez García	Enxeñería Química
Rita Radl Philipp	Socioloxía das mulleres e do xénero
Ofelia Rey Castelao	Historia moderna
Nieves Rodríguez Brisaboa	Informática.Computación
Margarita Santos Zas	Literatura española.
	Teoría da literatura e lingüística xeral
María Vera Isasa	Teoría do sinal e comunicacións

Vivimos nun mundo onde a ciencia e a tecnoloxía desempeñan un papel fundamental. Se efectivamente apostamos pola innovación e o desenvolvemento, debemos garantir o acceso igualitario ás oportunidades que a sociedade do coñecemento representa. O principio de igualdade entre homes e mulleres debe ser un dos obxectivos da investigación en ciencia e tecnoloxía.

A presente exposición, elaborada desde a Secretaria Xeral da Igualdade no seo da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, quere poñer nomes e imaxes a algunhas das mulleres que no noso país traballaron ou están a traballar neste ámbito, difundindo e divulgando as súas contribucións para achegar o mundo da ciencia e dotar de referentes femininos ás galegas e galegos que teñen por diante o reto de construír un futuro en igualdade.

Facer visibles a súas achegas é un principio de coñecemento, é o principio para coñecérmonos.

Carme Adán
Presidenta da Unidade
de Muller e Ciencia de Galicia

DOLORES ESTHER FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Naceu en Pontevedra en 1932. Licenciouse en Química pola Universidade de Santiago de Compostela en 1954 e logo estudou para mestra de ensino primario, titulándose en 1956.

En 1961 doutórase cunha tese sobre "Oligoelementos en distintos tipos de suelos". Ese mesmo ano aprobou as oposicións de catedrática de escola universitaria e, no seguinte, incorporouse á Escola de Maxisterio da Coruña, da que foi directora durante 21 anos, compatibilizando o cargo coa docencia neste e noutros centros.

Cando se abriu o Colexio Universitario da Coruña, no ano 72, era a única muller na sección de Química. Por esta época, comezou de novo a investigar no eido das ciencias, creando o Grupo de Química Analítica Aplicada, que hoxe en día conta co recoñecemento da Xunta de Galicia como grupo de excelencia investigadora.

As principais liñas de traballo do seu equipo están relacionadas co medio. Entre os seus traballos máis salientables están os estudos de calidade do aire nas áreas urbanas e nas zonas industriais de Galicia ou as análises de grao e alcance da contaminación por lindano. O seu grupo tamén foi un dos que vixilou a evolución da contaminación no medio mariño provocada polos sinistros do Mar Exeo e do Prestige. Os controis de calidade de alimentos para detectar posibles contaminacións son



outra das súas liñas de investigación.

En 1990 foi nomeada Vicerreitora de Investigación da Universidade da Coruña, ocupando este cargo ata o 2002, cando se xubilou oficialmente. Hoxe, xa como catedrática emérita, segue a investigar.

Escribiu máis de 150 artigos. É consultora internacional da revista Anuario Latino de Educación Química. Recibiu a insignia de ouro da USC e da UDC e a medalla de prata da Xunta de Galicia.

PILAR DE MADARIAGA ROJO

Naceu en Madrid en 1903. Foi unha das científicas máis importantes do século XX. Dende moi nova mostrou un grande interese polo estudo e moitas inquietudes polo mundo da ciencia. O pai, nacido en Barcelona mais de nai galega, tiña moito interese en que os seus oito fillos e fillas aprendesen idiomas e adquirisen unha sólida formación que os preparase para o futuro. Pilar Madariaga formouse no colexio alemán. Licenciouse en Ciencias Químicas na Universidade de Madrid e, posteriormente, obtivo unha bolsa da "Junta de Ampliación de Estudios" para estudar nos Estados Unidos. Cando voltou, entrou como bolseira na sección de Espectroscopía do Instituto Nacional de Física e Química, onde permaneceu de 1932 a 1936.

Pertenceu á Sociedade Española de Física e Química dende 1926.

As súas investigacións víronse interrompidas pola sublevación militar. Durante a Guerra Civil permaneceu cunha irmá e varios sobriños na súa casa de El Viso, requisada varias veces aínda que estivese baixo protección británica.

A finais da década de 1930 voltou a EEUU e foi profesora do Vassar Collage do Estado de Nova York. Non regresou a España ata 1968, retirada xa da docencia e da investigación.



JOSEFA EMILIA SABOR RIERA

Naceu en Vilanova de Arousa, Pontevedra en 1916. Sendo unha nena a súa familia emigrou a Arxentina, onde se formou e desenvolveu a súa vida profesional.

En 1937 ingresou na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires onde realiza case toda a súa carreira docente como profesora de Historia e de Biblioteconomía.

De 1947 a 1951 foi profesora de referencia na Escola de Bibliotecarios do Museo Nacional de Arxentina. Ocupou, entre outros cargos relacionados coa profesión, o de directora da Biblioteca do Instituto de Bibliografía e Biblioteconomía da Universidade de Bos Aires; foi directora da biblioteca do Museo de Ciencias Naturais de Arxentina, da Biblioteca Central da Facultade de Filosofía e Letras de Bos Aires e da escola para bibliotecarios deste mesmo centro; tamén dirixiu a Escola Nacional de Bibliotecarios do Ministerio de Xustiza e Educación e fundou o Centro de buscas bibliotecarias desa mesma facultade en colaboración coa UNESCO.

No ano 1980 retirouse do ensino activo para dedicarse á investigación. Traballou no Consello Nacional de Investigación Científica e Técnica. Foi directora do Departamento de Publicacións do Interamerican Living Center de Bogotá para a Organización de Estados Americanos; experta da UNESCO en temas de asesoramento a



bibliotecas; profesora da Biblioteca Central da Universidade de Costa Rica; membro do Consello Internacional Consultivo para bibliotecarios da UNESCO; profesora invitada na Escola Interamericana de Medellín e na Escola de Biblioteconomía da Universidade Nacional de Asunción.

Dictou, tanto en Arxentina coma no exterior numerosos cursos e conferencias, participando en diversos congresos e xurados. Conta ademais cunha extensa produción bibliográfica entre a que figura Pedro de Angelis y los orígenes de la bibliografía argentina (1995), ensaio polo que recibiu o "Premio Nacional de la Historia y Arqueología".

MARIA DE LOS ÁNGELES ALVARIÑO DE LEIRA

Nacida en Serantes (Ferrol) en 1916. En 1934 comeza os seus estudos de Ciencias Naturais na Universidade de Madrid, interrompidos pola Guerra Civil. Unha vez reaberta a universidade, Ánxeles continúa cos seus estudos, realizando un Máster en Ciencias Naturais na Universidade de Madrid que superou con Honores. Impartiu clases de Bioloxía, Zooloxía, Botánica e Xeoloxía en colexios universitarios de Ferrol. En 1951 obtén o Certificado de Doutoramento en Psicología Experimental, Química Analítica e Ecoloxía Vexetal na Universidade de Madrid, sendo posteriormente destinada como bióloga mariño-oceanógrafa ao Instituto Español de Oceanografía (laboratorio oceanográfico de Vigo).

Foi a primeira muller a bordo dun barco británico de investigación en calidade de científica. Participou en varias expedicións e cruzeiros científicos no Atlántico e Pacífico, a bordo de buques oceanográficos de Inglaterra, Estados Unidos, España e México.

No ano 1967 doutórase en Ciencias pola Universidade de Madrid.

En xaneiro de 1970 obtén o cargo de Bióloga Investigadora no recoñecido Southwest Fisheries Science Center para efectuar estudos sobre a albacora e outros peixes, así como sobre o plancto e as súas relacións coa dinámica oceánica, as pesqueiras e o efecto dos depredadores do plancto na supervivencia das larvas de peixes. Chegou a descubrir 22



especies novas de organismos mariños, os indicadores planctónicos para correntes oceánicas e para a pesca. Dous exemplares planctónicos levan o seu apelido, o quetognato *Aidanosagitta alvarinoae* (Pathansali, 1974) e a hidromedusa *Lizzia alvarinoae* (Segura, 1980).

Os traballos científicos orixinais publicados por Ánxeles alcanzan o centenar. Revistas como *Pacific Science*, *Bulletin Scripps Institution* e *Calcofi Atlas* e o *Boletín del Instituto Español de Oceanografía* albergaron os seus artigos.

Desde 1976 Ánxeles posúe numerosos nomeamentos académicos, sendo distinguida coa Medalla de Prata de Galicia no ano 1993. A Universidade da Coruña dedicoulle a Semana das Ciencias en 2005.

MARÍA TARSY CARBALLAS FERNÁNDEZ

Naceu en Taboada (Lugo) no ano 1934. Licenciouse en Farmacia en 1958 e en Química en 1964, ano no que tamén se doutorou en Farmacia. En 1967 obtivo o Certificat d'Études Approfondies en Pédologie pola Universidade de Nancy I. Dende 1965 é investigadora do CSIC, acadando a máxima categoría de profesora de investigación e sendo nomeada doutora Ad Honorem. Foi investigadora asociada ao CNRS de Francia e First Vicechairman of the Commission II: Soil Chemistry da International Union of Soil Science.

Traballou no estudo e cartografía dos solos da zona húmida do Norte de España, cuxos mapas foron incluídos no Mapa dos Solos do Mundo da FAO e introduciu en España técnicas innovadoras para a caracterización e estudo da dinámica das sustancias húmicas e da materia orgánica en xeral.

En 1980 creou o Grupo de Bioquímica do Solo, destacando as súas achegas sobre reciclado de residuos orgánicos de orixe agraria e industrial para o seu uso como fertilizantes; as investigacións sobre os efectos dos incendios forestais sobre o solo, a súa protección e recuperación.

Elaborou, xunto con Inmaculada Paz Andrade e o Grupo THOR, un sistema experto específico para Galicia, para predicir o risco de incendios, xestionar os recursos da extinción e recuperar o solo e colabora na elaboración do Índice de Perigo de Incendios para o NO de



España e N de Portugal. Así mesmo traballa na fixación de carbono no solo e a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro de orixe agrícola e forestal como medidas para mitigar o cambio climático global.

Dirixiu e participou en múltiples proxectos de investigación, tendo publicado nas máis prestixiosas revistas e participado en numerosos congresos, nacionais e internacionais.

Foi directora do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia e presidenta do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico. Dende 2003 é académica numeraria da Academia de Farmacia de Galicia.

Recibiu o Premio Galicia de investigación da USC, e a Medalla de Ouro "Galega destacada 2006" da Asociación "Diálogos 90", entre outros.

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Nacida en Castro de Rei (Lugo) en 1951, estudou Ciencias da Información na Universidade Autónoma de Barcelona, onde se doutorou en 1986. Na actualidade é Catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC da que é a primeira decana.

O seu ámbito de investigación é o da imaxe documental e das televisións públicas dos pequenos países, tendo sido investigadora principal en vinte seis proxectos de ámbito nacional e europeo. Conta, ademais, con máis de cen artigos e colaboracións en diferentes publicacións especializadas.

Dende 1998, acudiu como profesora convidada a diferentes centros universitarios de países tan diversos como México, Arxentina, Francia, Irlanda, Brasil ou Canadá. Participou e organizou numerosos congresos, celebrados en universidades españolas e estranxeiras, nos que a imaxe e a comunicación ocupan o lugar central, sendo membro do Comité científico de moitos outros. Ademais dirixiu un total de 11 teses de doutoramento.

Fundou e dirixiu dende 1977 a 1980 o periódico semanal A Nosa Terra. Foi tamén a creadora da revista Escrita, da Asociación de Escritores en Lingua Galega, dos proxectos gráficos do boletín Club Cultural Adiante da CXTG, da revista feminista Festa da palabra silenciada e da publicación Europa de les nacións, do Moviment Nacionalitari Europeu e pertence, dende a súa fundación, ao Consello de Redacción da



revista de pensamento crítico A Trabe de Ouro.

É membro da Ponencia de Comunicación do Consello da Cultura Galega, do Consello científico do Research Center for Galician Studies, e do Comité científico e tecnolóxico do Forum Mundial de Televisión infantil entre outros, ocupando na actualidade os cargos de Presidenta da Asociación Galega de Investigadoras e Investigadores en Comunicación (AGACOM); de vicepresidenta 1ª da Asociación Española de Investigación en Comunicación (AE-IC) e de presidenta da Federación Lusófona da Ciencias da Comunicación (LUSOCOM)

Ao seu perfil académico súmase un intenso labor creativo cinematográfico e literario.

Recentemente foi nomeada membro da Real Academia Galega.

MARIA JOSEFA

WONEMBURGER PLANELLS

Naceu en Montrove (Oleiros, A Coruña) en 1927. Estudou Ciencias Exactas na Universidade Complutense de Madrid.

O seu talento fixo que conseguise unha das prestixiosas bolsas Fulbright, do Instituto de Educación Internacional dos Estados Unidos e que fixera o doutoramento na Universidade de Yale con Nathan Jacobson, un dos alxebristas máis sobranceiros do século XX.

Ten unha brillante traxectoria como experta nas álxebras de Clifford e de Lie e na teoría de grupos clásicos, con importantes achegas no estudo dos automorfismos deses grupos.

En 1957 leu na Universidade de Yale a súa tese, *On the groups of similitudes and its projective group*.

De volta a España, foi bolseira no Instituto Matemático Jorge Juan, do CSIC, facendo un novo doutoramento, xa que o de Yale non lle foi validado. A súa segunda tese, *Representación espiñorial dos grupos de semellanza*, foi aprobada e publicada, pero por motivos administrativos nunca obtivo o título español de doutora.

Decidiu marchar de novo para Norteamérica, desanimada polas perspectivas laborais na súa terra, traballando na universidade de Kingston, en Ontario, como bolseira posdoutoral. Rematada esta etapa, pasou a ser a única profesora de Matemáticas na Universidade de Toronto, onde dirixiu a Robert Moody a tese de doutoramento sobre a xeneralización das teorías das



álxebras de Lie simples á dimensión infinita. A súa repercusión foi tal que pasou a coñecerse como álgebra de Kac-Moody e outorgou a Wonemburger o recoñecemento de nai desta teoría, moi aplicada na física.

Posteriormente marchou aos Estados Unidos, asentándose en 1967 na Universidade de Indiana, onde desenvolveu boa parte das súas achegas e orientou os primeiros pasos doutro grande das matemáticas, Stephen Berman.

Nos últimos tempos está a ser recoñecida na súa terra a través de diversas homenaxes, e de feito, presta o seu nome ao premio da Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia.

ROSARIO

ÁLVAREZ BLANCO

Naceu en Pontevedra en 1952. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, onde, en 1973, se incorporou ao Instituto da Lingua Galega (ILG), creado pola universidade dous anos antes.

Entre 1974 e 1976, dedicouse a recoller polas aldeas o galego que se falaba, material que serviu para a publicación, en 1990, do primeiro volume do Atlas Lingüístico Galego.

Realizou a súa primeira gramática en colaboración con Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira (1986), e a segunda con Xosé Xove (2000).

Realizou numerosos traballos sobre o pronome persoal e outros aspectos gramaticais, tanto dende o punto de vista da descrición sincrónica do seu comportamento morfolóxico e sintáctico, coma da variación e procesos de cambio lingüístico atinxentes. Nos últimos anos, tamén se ocupa da edición e estudo de textos en galego da Idade Moderna e de comezos do século XIX, á procura de bases fiables para o estudo da variación diacrónica entre a lingua medieval e a moderna.

No seu haber ten máis de 80 publicacións entre artigos e libros, e coordinou e participou en importantes proxectos. Foi vicerreitora de Profesorado (1990-1994) e dirixiu o Departamento de Filoloxía Galega do 1995 ao 1999. Ingresou na Real Academia Galega no 2003, onde dirixe dende ese mesmo ano o Seminario de Gramática.



Na actualidade, dirixe un grupo de cinco persoas que están a confeccionar a primeira gramática da Real Academia Galega (RAG). Participa activamente na formación de grupos de traballo e na organización de encontros que axuden a trasladar a comunidade científica e á sociedade galega os resultados de investigación. Compaxina o seu traballo no Instituto da Lingua Galega, que dirixe dende 2005, co da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, na que, dende 1998, é catedrática da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.

INMACULADA PAZ ANDRADE

Naceu en Pontevedra en 1928. Licenciouse en Ciencias Químicas pola USC.

Para facer a tese de licenciatura obtivo unha bolsa do CSIC, e tras rematala marchou a Francia onde traballou con Edouard Calvet, pai da microcalorimetría, quen lle deu os planos e parte das pezas para montar en Santiago os dous primeiros microcalorímetros de España.

Na década dos 70 comeza a colaborar co profesor Henry Skinner, catedrático de Físico-Química da Universidade de Manchester, en Inglaterra, universidade da que foi Research Fellow e despois Visiting Research Professor.

Catedrática de Física Aplicada na USC, foi a primeira profesora adxunta desta universidade, a primeira encargada da cátedra da Facultade de Ciencias, a primeira profesora agregada da Facultade de Química e a primeira catedrática da Facultade de Física.

Realizou estudos de termoquímica, calorimetría e estado líquido con importantes achegas para procesos industriais diversos. Liderou numerosos grupos de investigación, e xa con 60 anos iniciou unha nova liña de traballo con Tarsy Carballas, creando un sistema experto para predicir e combater os incendios forestais en Galicia e para a recuperación das zonas queimadas.

Ten no seu haber, 260 traballos de investigación no campo da microcalorimetría e dos incendios forestais, e



algunha incursión na historia da Ciencia. Leva máis de 40 anos publicando nas mellores revistas do seu eido, dirixiu máis de 30 teses de doutoramento e participou en 19 proxectos de investigación.

Obtivo numerosos premios e recoñecementos, sendo tamén a primeira muller en recibir a Medalla de Ouro de Física, outorgada pola Real Sociedade Española de Física, o Premio Galicia de Investigación Científico-Técnica "Antonio Casares y Rodrigo" da Xunta de Galicia e a Insignia de Ouro da USC. Recentemente recibiu tamén o premio "María Wonemberger" da Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia.

MARÍA CRUZ MATO IGLESIAS

Naceu en Silleda, Pontevedra, en 1934. Licenciouse en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela con premio extraordinario, en 1957. Doutorouse pola mesma universidade en 1964, cunha investigación sobre a vexetación do partido xudicial de Caldas de Reis, que obtivo, en 1968, o Premio de Investigación da Deputación de Pontevedra.

Recibiu formación posdoutoral na Université de Lausanne (Suiza) e na de Sciences et Techniques de Montpellier (Francia). Ingresou no Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) en 1965.

Ocupou os seguintes postos: profesora adxunta de Botánica na Facultade de Farmacia de Santiago de Compostela; Assistant de Recherche no Instituto de Biologie et de Physiologie végétales de Facultad de Ciencias da Université de Lausanne, profesora agregada de Criptogamia na Facultade de Ciencias da USC, directora do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas, CSIC, de Santiago de Compostela e Coordinadora Institucional do CSIC en Galicia.

Ao longo da súa carreira docente dirixiu numerosas memorias de licenciatura. As súas liñas de investigación fundamentais céntranse en botánica (flora, vexetación, fitosocioloxía) e fisioloxía vexetal (hormonas vexetais (auxinas) asociadas á formación de raíces, marcadores bioquímicos da rizoxénese nas



plantas leñosas; propagación de especies forestais de interese para Galicia: castiñeiro, carballo; protectores auxínicos, metabolitos secundarios, peroxidasas e isoenzimas en plántulas de castiñeiro cultivadas in vitro).

Autora duna extensa obra publicada en revistas españolas e estranxeiras e en actas de encontros científicos nacionais e internacionais, e das monografías: Estudio sistemático de las especies botánicas que integran los prados del NO de España (1962); Estudio ecológico-botánico de los brezales del NO de España y selección de razas útiles de las especies que en ellos habitan (gramíneas y leguminosas), para su posible transformación en pastizales (1963), entre outros.

OLIMPIA VALENCIA LÓPEZ

Nacida en Baltar (Ourense) en 1898, cando tiña doce anos marchou a Vigo, onde residirá, agás a etapa universitaria en Santiago de Compostela e Madrid.

En 1919 ingresa na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago onde ten como profesores a Novoa Santos, Gil Casares e Romero Molezún, convertíndose na primeira muller galega licenciada en Medicina. O seu expediente académico inclúe dezanove matrículas de honra e premio extraordinario de licenciatura.

A Olimpia Valencia gustaríalle quedar na clínica do doutor Gil Casares, onde se trataban enfermidades do pneumotórax, mais por presións familiares e tamén por influencia dos catedráticos, que pensaban que tiña que dedicarse a cuestións relativas á maternidade, inclinouse pola especialización en xinecoloxía.

Trasladouse a Madrid para preparar a súa tese de doutoramento, *Variaciones de la colessterina en relación con la anestesia*, baixo a dirección do acreditado doutor Recaséns.

En 1928 estableceuse en Vigo onde nun principio tivo moitas dificultades para que lle recoñecesen a súa condición de "médica", mais pouco a pouco foi gañando prestixio profesional.

Muller de inquietudes culturais, tivo relación con varios recoñecidos intelectuais e galeguistas, como Paz Andrade, Álvaro de las Casas ou Fernández Mato.



Aceptou encabezar en xuño de 1931 un chamamento de apoio aos candidatos galeguistas da provincia de Pontevedra e outro en xuño de 1936 en prol do si no plebiscito do Estatuto galego, ambos os dous documentos asinados só por mulleres. En febreiro de 1937 foi detida acusada de pertencer ao Partido Galeguista e de ter trato con xente de esquerdas. Na década de 1940 conseguiu entrar na Seguridade Social e xubilouse na década de 1960.

Foi membro fundador da Academia Médico-Cirúrxica de Vigo e da Alianza Francesa desta cidade. Olimpia Valencia seguiu a traballar con máis de oitenta anos na súa consulta particular, na liña dunha vida austera dedicada á profesión e ao estudo. Morreu no verán do ano 1987.

TERESA

MIRAS PORTUGAL

Nacida no Carballiño (Ourense) en 1948. Iniciou os seus estudos de Farmacia na USC e finalizounos na Complutense de Madrid, obtendo Premio Extraordinario e Premio Nacional Fin de Carreira. Cursou estudos de doutoramento en Estrasburgo (Francia), obtendo a súa tese sobre o enzima de síntese de noradrenalina en humanos a cualificación de Trés Honorable, con felicitacións do xurado. En 1975 doutorase en Farmacia pola Universidade Complutense de Madrid, coa cualificación de sobresaliente cum laude.

Á súa volta a España pasa por diferentes posicións académicas, sendo na actualidade catedrática e directora do Departamento de Bioquímica e Bioloxía molecular IV da Universidade Complutense de Madrid.

É membro e ocupa postos de responsabilidade en numerosas sociedades científicas internacionais e nacionais. Académica numeraria da Real Academia Nacional de España, medalla n.º 48 e editora científica dos Anais, tamén foi presidenta do Relatorio IV da Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía (1996-1997) e membro do xurado para o Premio de Mocidade Científica da Comunidade Europea, así como xurado do Premio Rei Jaime I e do Príncipe de Asturias, en varias edicións. Organizou numerosos eventos científicos e foi membro do Comité Científico doutros moitos; sendo invitada como



relatora en centros de investigación e universidades e en congresos nacionais e internacionais.

Dirixiu 17 teses doutorais e 5 doutoramentos europeos. Foi investigadora principal de máis de 30 proxectos, tanto nacionais como internacionais.

Premio de Investigación da CEOE 2004 en Ciencias, publicou máis de 200 traballos, dos cales 190 en revistas internacionais da área da Bioquímica e Bioloxía Molecular, Neurociencias e Farmacoloxía Molecular, polo que é unha das científicas máis citadas da área.

Desde xaneiro de 2007 é presidenta da Real Academia Nacional de Farmacia, sendo a primeira muller electa como presidenta dunha real academia.

g^{mc}

mullerciencia
potenciagalega



FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral de Igualdade



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Promoción Científica e Tecnolóxica
do Sistema Universitario de Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Transferencia e Innovación